

ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE DE 2º ESO – INGLÉS

1. - Calendario de Pendentes 2020/21

1º Parcial: Xoves 12 Novembro – 16:15-17:45

2º Parcial: 23-25 Febreiro.

3º Parcial: 04-06 Maio

2. - Contidos Sintáctico-Discursivos Imprescindibles:

- Pronomes: Persoais (*subject & object pronouns*), Demostrativos, Interrogativos e Impersoais
- Expresión da posesión: *Possessive adjectives & pronouns, possessive 's*
- Expresión de relacións lóxicas: *and, or, but, because.*
- Graos do adxectivo e do adverbio: comparativos e superlativos.
- Oracións afirmativas, negativas, interrogativas e exclamativas.
- Expresión do tempo pasado (*past simple; past continuous*), presente (*present simple, continuous, perfect*) e futuro (*will, be going to, present continuous with future meaning*)
- Expresión da condición: *First Conditional*
- Expresión da modalidade: *Can / can't / must / mustn't / could / couldn't / should / shouldn't / have (got) to + infinitive*
- Expresión da existencia no presente e no pasado: *there is, there are, there was, there were.*
- Cuantificadores: *a, an, some, any, a lot (of), much, many.*
- Expresión da cantidade: *singular vs. plural, countable vs uncountable, cardinal and ordinal numbers.*
- Expresión do tempo: frequency (*always, usually, sometimes, often, never*), sequence (*first, next, last...*).
- Adverbios de modo.
- Preposicións de tempo, lugar e movemento.
- Léxico básico relativo a ámbitos cotiáns; rutinas diarias, a vivenda, deporte, ocio e tempo libre, familia, comida, roupa, escola, o corpo, descrición da aparencia física, lugares e direccións na cidade, transporte, a natureza, o tempo cronolóxico e o tempo atmosférico.

3. - Tarefas De Recuperación:

- O departamento de Inglés porá a disposición do alumnado na Aula Virtual do centro tarefas similares ás probas parciais de recuperación. O alumnado con materia pendente poderá descargar e facer esas tarefas a modo de práctica, e poderá entregarlles ao seu profesor/a para que as devolva corrixiadas.

4. - Instrumentos De Cualificación:

Parciais e porcentaxes:

1º Parcial: Exame con contidos da 1ª Avaliación. 30% da nota final.

2º Parcial: Exame con contidos da 2ª Avaliación. 30% da nota final.

3º Parcial: Exame con contidos da 3ª Avaliación. 40% da nota final.

Dado que a materia de Inglés é de avaliación continua, os contidos en cada parcial serán acumulativos. A nota final será a media aritmética dos 3 parciais. Porén, o aprobado na proba final de Maio implica a recuperación da materia, independentemente dos resultados obtidos nos parciais anteriores. Neste caso, o alumnado que non superase ou non se presentase aos parciais de Novembro e Febreiro, poderá acadar un máximo de 5 sobre 10 na puntuación da proba final.

O aprobado na avaliación final do curso superior que está a cursar o alumnado no ano presente implicará automaticamente a recuperación da materia pendente, podendo acadar unha cualificación máxima de 5 sobre 10.

5. - Información Ao Alumnado

A información sobre as probas de pendentes e as datas das probas de recuperación publicaranse na páxina web do centro e no Taboleiro preparado a tal efecto no centro.